

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 12 DE MARZO DE 2015,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETO**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Industrial de Galicia.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se regulan o procedemento e os efectos da garantía do dereito á segunda opinión médica no Sistema público de saúde de Galicia.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero e, complementariamente, para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, por un importe total de cento cincuenta e catro mil seiscientos euros (154.600,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.
- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de Lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

**CONSELLERÍA DE FACENDA**



- Acordo polo que se aproban os criterios de repartición do Fondo de Acción Social da Xunta de Galicia para o exercicio económico do ano 2014 relativos á axuda para a atención de persoas con discapacidade.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e a Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria, S.A. para a cesión de vivendas destinadas ao alugamento alcanzable, por importe de trescentos cincuenta e seis mil douscentos cincuenta euros (356.250,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza o texto do Convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio (IET) e a Fundación Galicia Sustentable para o programa de participación cidadá na paisaxe *Somos Paisaxe*, por importe de cen mil euros (100.000 euros).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a posta en marcha da Oficina Virtual de Industria.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe sobre financiamento e equipamento e infraestruturas educativas no ano 2015.



## **A XUNTA MODERNIZA A ADMINISTRACIÓN INDUSTRIAL CUNHA OFICINA VIRTUAL QUE SUPORÁ UN AFORRO PARA CIDADÁNS E EMPRESAS DE 6 MILLÓNS ANUAIS**

- ***Simplifícanse 40 procedementos que suporán un aforro para a Administración de medio millón de euros anuais e máis de 25.000 horas de traballo administrativo***
- ***Esta canle -<http://oficinavirtualindustria.xunta.es>- permite, nun só acto e por vía telemática, cubrir o formulario adecuado, pagar as taxas, anexar a documentación e obter o correspondente número de entrada recortando os tempos de espera do interesado en 20 días e convertendo os trámites en inmediatos***
- ***A oficina contribúe a diminuír os gastos e a mellorar a competitividade do sector industrial, no contexto da Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0***
- ***A plataforma incorpora o Rexistro Industrial de Galicia, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, e os de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade; as declaracións responsables dos prestadores de servizos; e as entidades que imparten cursos no ámbito da formación***
- ***O dito rexistro industrial substitúe o Rexistro de Establecementos Industriais, reducindo os custos administrativos para particulares e empresas***

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a nova Oficina Virtual de Industria, activada pola Consellería de Economía e Industria co obxectivo de simplificar os trámites e facilitar a relación de empresas e particulares coa Administración. Neste sentido, a nova plataforma moderniza a tramitación de ata 40 procedementos no ámbito da seguridade industrial, achegando aos usuarios a posibilidade de realizar a xestión na web <http://oficinavirtualindustria.xunta.es>.

O Goberno galego dá así un novo paso no fomento da Administración electrónica, na procura dunha xestión máis eficiente. Así, a nova canle permitirá a cidadáns e empresas un aforro medio de 75 euros por procedemento, o que supón a posibilidade de acadar un aforro anual no conxunto de rexistros realizados cada exercicio de ata 6 millóns de euros e uns aforros para a administración de 500.000 euros e máis de 25.000 horas de traballo administrativo ao ano.

A plataforma facilita, nun só acto e por vía telemática, cubrir o formulario adecuado, pagar as taxas, anexar a documentación e obter o correspondente número de entrada. Deste xeito, a Oficina Virtual permite a cidadáns e tecido empresarial a redución dos tempos de espera e os prazos de tramitación, que ata o de agora ascendían, de media, a 20 días. Contribúese así a diminuír os gastos e a mellorar a competitividade do sector industrial. Unha mellora que se encadra no contexto da Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0, que está a acordar o Goberno galego co obxectivo de modernizar a industria galega.



A nova plataforma incorpora todos os procedementos relativos á inscrición, modificación ou baixa no novo Rexistro Industrial de Galicia, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, así como as iniciativas para inscribir no Rexistro de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade, en que figuran, entre outras, ascensores, instalacións eléctricas de baixa tensión, ou as de seguridade contra incendios en establecementos industriais. Ademais, permite presentar as declaracións responsables por parte dos prestadores de servizos no ámbito da seguridade industrial, e inscribir as entidades que imparten cursos neste eido, así como o tipo de cursos impartidos.

Así mesmo, a Oficina, cuxo acceso require de certificado dixital ou DNI electrónico, integra as comunicacións con outros sistemas como a sede electrónica da Xunta, que permite ao usuario, facendo uso da súa correspondente *carpeta do cidadán*, ter anotadas as solicitudes realizadas; ou o Rexistro Integrado Industrial do Ministerio de Industria, que recibe en tempo real a información rexistrada na plataforma.

Para a activación desta Oficina Virtual desenvolveuse con carácter previo un período de proba de 6 meses, que permitiu aos usuarios facer uso dela e enviar suxestións de mellora que foron analizadas e incorporadas.

### **Novo Rexistro Industrial de Galicia**

Neste contexto de simplificación dos trámites administrativos, o Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regula o novo Rexistro Industrial de Galicia, incorporado na propia Oficina Virtual e que substitúe o Rexistro de Establecementos Industriais.

Este novo rexistro, na liña do impulso da Administración electrónica, resulta tamén totalmente telemático e a súa inscrición voluntaria, salvo para aquelas actividades sometidas a autorización administrativa, declaración responsable ou comunicación, en que a inscrición a efectuará de oficio a propia Administración.

Deste xeito, redúcense os custos para particulares e empresas, ao tempo que se simplifican os trámites ao poder quedar integrado no propio rexistro calquera outro rexistro sectorial de industrias e actividades do seu ámbito de aplicación, o que permitirá a inscrición neles nun só acto.



## **SANIDADE REDUCE OS PRAZOS E INCLÚE NOVOS PROCESOS AOS QUE SERÁ APLICABLE A SEGUNDA OPINIÓN MÉDICA**

- ***O Consello da Xunta de Galicia aproba o decreto de segunda opinión médica.***
- ***É un dos decretos que desenvolve, a nivel normativo, a Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias***

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou o texto do Decreto polo que se regula o dereito a pedir unha segunda opinión médica.

Este dereito garante aos seus beneficiarios a posibilidade de contrastar un primeiro diagnóstico e/ou indicación terapéutica, en relación con determinados supostos de enfermidades singularmente complexas, tanto desde o punto de vista do seu diagnóstico, posible evolución e tratamento, como das potenciais consecuencias que poden ter para a saúde dunha persoa.

### **Novidades do decreto**

O decreto aprobado inclúe como novidades a redución dos prazos para a tramitación administrativa da solicitude da segunda opinión, e fixa un máximo de dez días hábiles para resolver a solicitude fronte ao mes da regulación actual. Tamén amplía os procesos a que será aplicable xa que se inclúe agora a totalidade de neoplasia maligna, mentres que anteriormente se excluían os cancros de pel que non fosen melanomas.

O decreto establece tamén, de xeito expreso, a posibilidade de solicitar unha segunda opinión no caso de recidivas tumorais malignas e no caso de que aparezan novos tratamentos para a curación ou mellora da calidade de vida daquelas persoas que padezan unha enfermidade incluída nos supostos que permiten o exercicio do dereito a unha segunda opinión médica.

Ademais, regúlase con maior detalle o procedemento para o exercicio da segunda opinión, de xeito que o paciente teña coñecemento da resolución da súa solicitude, así como os supostos nos cales se poderá obter a segunda opinión nun centro público doutra comunidade autónoma.

Así mesmo, reforza a autonomía de decisión do usuario e complementa as posibilidades de atención sanitaria.

### **Máis garantías para os pacientes**

Trátase de facilitar ao paciente unha maior información que afiance a seguridade da súa decisión informada, consciente, participativa e autónoma, para o mantemento e coidado da súa saúde e para os efectos de que poida acceder á mellor asistencia sanitaria que, a través do Sistema público de saúde de Galicia, se lle poida proporcionar.



A efectividade do dereito a obter unha segunda opinión complementarará a información a que poden acceder os pacientes ou os seus representantes, posibilitando así o exercicio doutros dereitos, cun mellor coñecemento das posibles opcións ao seu alcance.

Este é un dos decretos que conforma o desenvolvemento normativo da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, xunto co decreto que regula o dereito ao exercicio da segunda opinión médica e o funcionamento do Rexistro Galego de Instrucións previas sobre os coidados e tratamento de saúde. Con este decreto derrógase o 205/2007, do 27 de setembro, polo que se regulaba ata o momento o exercicio do dereito á segunda opinión médica no Sistema sanitario público de Galicia.

## **A XUNTA RENOVA O CONVENIO CO COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS PARA ATENCIÓN AS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO**



Comunicación da Xunta de Galicia  
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

- **Desde os seus inicios, case 3.500 mulleres, 1.000 menores e 650 homes foron beneficiarios destes programas**
- **O Goberno galego achegará para tal fin un total de 154.000 euros**
- **Tamén se dará atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar a través do programa "Abramos o Círculo"**

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, ás súas fillas e fillos menores, e a outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. O convenio tamén recolle un programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.

Así, un ano máis o Goberno galego financia o Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero e para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu ámbito familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, que ten como finalidade ofertarlles a estas persoas recursos terapéuticos que lles faciliten a súa recuperación. Este programa iniciouse no ano 2004 e conta cun orzamento de 120.000 euros

Na mesma liña está o Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, programa denominado *Abramos o Círculo*, que ten coma finalidade ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a homes que recoñezan que teñen problemas de control da violencia no ámbito familiar. Este programa iniciouse no ano 2001, a través dun convenio entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e ten un orzamento de 34.600 euros.

Ambos os programas contan cunha persoa profesional da psicoloxía que os coordina, e cunha rede de profesionais que levan a cabo a intervención profesional que comprenden asistencias e consultas ás persoas beneficiarias e asistencia oral en xuízo por parte das psicólogas e psicólogos do programa.

Inclúese, ademais, a cobertura da asistencia domiciliaria en caso de morte por violencia de xénero con carácter de urxencia, sempre que sexa preciso, así como a colaboración co Centro Autonómico de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero no apoio terapéutico e psicolóxico das súas usuarias. Desde o ano 2014, inclúese en ambos os programas a garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

Desde os seus inicios, case 3.500 mulleres, 1.000 menores e 650 homes foron beneficiarios destes dous programas.





XUNTA  
DE GALICIA

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

---



Comunicación da Xunta de Galicia  
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
Correo-e: [comunicacion@xunta.es](mailto:comunicacion@xunta.es)



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
*"Unha maneira de facer Europa"*  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
*"O FSE inviste no teu futuro"*  
UNIÓN EUROPEA



## **A XUNTA CONVOCA AS AXUDAS PERIÓDICAS PARA AS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO**

- ***As axudas tentan garantir ás mulleres vítimas da violencia de xénero unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor***
- ***O ano pasado un total de 336 mulleres foron perceptoras destas axudas, que son de entre os 300 e 800 euros ao mes***

O Consello da Xunta autorizou hoxe establecer as bases e convocar para este ano as axudas económicas de carácter periódico de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero establecidas na Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, para as que o Goberno galego destinará máis de 1,7 millóns de euros para este exercicio 2015-2016.

A axuda consiste nunha contía económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades. O importe das axudas é de entre 300 e 800 euros ao mes, en función dos ingresos da beneficiaria, e dos fillos/as menores e menores en acollida ao seu cargo, e de circunstancias de discapacidade. Estas axudas tentan garantir ás mulleres vítimas da violencia de xénero unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na cal corren perigo.

Os requisitos para optar a estas axudas son: ser muller maior de idade ou emancipada vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia; ter cesado esta convivencia co agresor dentro dos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude; percibir uns ingresos mensuais iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente; estar empadroada e residir en Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia.

Ademais, tamén se exige non ter percibido con anterioridade esta axuda ou a axuda de pagamento único establecida na Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, para mulleres que, debido á súa idade, falta de preparación ou circunstancias sociais, teñan dificultades para obter un emprego e pola dita circunstancia non participan nos programas de emprego establecidos para a súa inserción profesional.

### **Perfil das beneficiarias do ano pasado**

O ano pasado 336 mulleres vítimas de violencia residentes en Galicia, a totalidade das que cumprían os requisitos da convocatoria, percibiron esta modalidade de axudas. Delas, un 85 por cento eran de nacionalidade española e o restante estranxeiras.



Por provincias, Pontevedra e A Coruña encabezan a listaxe con 128 e 122 perceptoras de axudas, respectivamente, en cada provincia, seguidas de Ourense con 50 e Lugo con 36. O perfil de idade maioritario é o de mulleres no rango de 26 a 45 anos, que representa o 66 por cento do total. Hai 219 beneficiarias que son nais e 26 teñen algunha discapacidade.



## **A XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DOS SERVIZOS XURÍDICOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

- ***Dilucidará con precisión cales son os casos en que un empregado ou autoridade pública poderá recibir asistencia letrada da Administración***
- ***Deste xeito, asegúrase que ningunha persoa que fose culpable do delito que se lle acusa vexa a súa defensa pagada con cargo ao erario público***
- ***Na nova lei, o control da legalidade que exercen os letrados da Xunta de Galicia esténdese á totalidade do sector público autonómico***
- ***A norma desenvolve os principios de autoprovisión e calidade normativa introducidos pola Lei de racionalización, que entrou en vigor o ano pasado***
- ***Trátase dun dos cinco textos legislativos que o Goberno galego se comprometeu a aprobar en 50 días a partir da presentación do Programa de impulso democrático***

O Consello da Xunta deu luz verde ao anteproxecto da lei que regulará e ordenará os servizos xurídicos da Comunidade Autónoma, dilucidando con precisión os casos en que un empregado ou autoridade pública poderá recibir asistencia letrada da Administración ou non.

A Lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público é un dos cinco textos legislativos que o Goberno galego se comprometeu a aprobar en 50 días a partir da presentación do seu Programa de impulso democrático.

Con esta lei sáldase unha débeda pendente desde os principios da autonomía galega. O persoal letrado da Xunta levaba funcionando desde o ano 1984 baixo o amparo dunha normativa legal moi básica que incluía incluso un carácter "provisional" no título da lei. Agora, 30 anos despois, contarán por fin cun texto completo e moderno para regular a actividade dun corpo fundamental para o bo desempeño da Xunta de Galicia.

O texto está dividido en cinco capítulos nos cales, entre outras cuestións, se regula o papel fundamental da Asesoría Xurídica como órgano de control de legalidade das normas, contratos, convenios, subvencións e outro tipo de expedientes. Ademais, este control da legalidade que exerce o persoal letrado esténdese a todo o sector público autonómico para que os entes da Administración instrumental estean suxeitos ao mesmo grao de supervisión e de rigor que a Administración xeral.

Tamén se regula a representación e defensa en calquera proceso xudicial dos intereses do sector público autonómico de Galicia e, especificamente, ante o Tribunal Constitucional ou organismos internacionais en asuntos relativos ao dereito constitucional ou ao dereito comunitario e prevese o exercicio da acción popular, tal e como xa se está a facer en eidos tan sensibles como os delitos de incendios forestais ou os de violencia de xénero con resultado de morte.



Para todas estas funcións faise especial fincapé no uso da lingua galega, na utilización de medios electrónicos e na compartición de medios materiais e persoais dos gabinetes xurídicos territoriais.

### **Defensa de autoridades e empregados públicos**

Así mesmo, abórdase un asunto que requiría dunha regulación clara para encher un baleiro normativo: a defensa en xuízo de autoridades e empregados públicos, que se aborda co obxectivo claro de que en ningún caso unha persoa culpable dun delito resulte beneficiada ao ser defendida con cargo ao erario público.

Para iso, someterase calquera petición de asistencia letrada a unha avaliación, tanto por parte da consellería en que a dita persoa preste os seus servizos como da propia Asesoría Xurídica Xeral, que tomará a decisión final. Esa decisión deberá ter en contra, con carácter primordial, a posible contraposición de intereses entre a persoa acusada e a Administración autonómica, e conta cuns criterios claramente delimitados no texto da lei. Non se poderá prestar esta asistencia a persoas sobre as cales existan indicios claros de teren actuado deliberadamente en contra dos intereses da Administración e, en consecuencia, dos intereses dos galegos e das galegas.

No caso de que estas circunstancias non sexan apreciadas nun inicio pero se revelen durante o transcurso do proceso xudicial, a autorización do servizo de defensa será revogada.

En última instancia, cando como resultado da sentenza se demostre que unha persoa que recibiu a asistencia letrada da Xunta de Galicia é culpable do delito polo que se acusaba, establécese a obriga por parte desta persoa de reintegrar os gastos de defensa en que incorren a Administración autonómica. Do mesmo xeito, no caso inverso, a aquelas persoas ás que se lles denegase e resulten absoltas, terán que ser compensadas.

### **Autoprovisión**

Este novo texto legislativo desenvolve o principio de autoprovisión que xa fora introducido na Lei de racionalización do sector público, é dicir, a idea de non contratar fóra aquilo que se pode prestar con medios propios. A asistencia xurídica era un dos eidos en que se prevía implantar este principio, e así se concretou no Catálogo de prestacións susceptibles de autoprovisión que aprobou a Xunta a finais do pasado ano en desenvolvemento da dita lei.

Establécese que, previamente á apertura de calquera expediente de contratación dunha consultoría legal ou dun despacho de avogados externo, haberá que dar parte desa intención á Asesoría Xurídica Xeral para que se pronuncie sobre se pode asumir esa función cos seus propios letrados. En todos os casos en que poida, así o fará, e incluso



naqueles nos cales non poida conservar o poder de supervisar a execución do dito contrato e de coordinar a súa actuación para que se suxeite á unidade de doutrina legal dentro do sector público autonómico.

### **Calidade normativa**

Na nova norma desenvólvese tamén o principio de calidade normativa introducido pola Lei de racionalización, que no seu desenvolvemento aprobou xa unhas directrices de técnica normativa para unificar os criterios estruturais e formais das futuras normas da Xunta. Agora, asignáselle legalmente á Asesoría Xurídica Xeral a misión de velar polo cumprimento desas directrices nos seus informes, garantindo esa homoxeneidade e claridade no noso ordenamento xurídico.

Seguindo con eses principios de calidade normativa, proclámase a Asesoría Xurídica Xeral como órgano coordinador dos procesos de simplificación normativa e de refundición. Actualmente está en marcha o primeiro Plan de simplificación lexislativa da historia de Galicia, no cal se propuxo rematar a lexislatura cun 25 por cento de leis menos; no entanto, para continuar ese esforzo a revisión, avaliación e a racionalización do mapa xurídico será un proceso periódico do cal tamén se encargará a Asesoría Xurídica Xeral.

**A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 2 MILLÓNS AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DE EMPREGADOS PÚBLICOS, QUE ESTABLECE AXUDAS PARA ATENDER PERSOAS CON DISCAPACIDADE**



▪ ***Os traballadores da Administración galega poden acceder a axudas de ata 180 euros mensuais***

A Xunta de Galicia destinará este ano máis de 2,1 millóns de euros en axudas dirixidas aos empregados públicos da Administración galega para a atención de persoas con discapacidade. Estas axudas, de ata 180 euros mensuais, forman parte do Fondo de Acción Social de 2014, cuxos criterios de repartición foron aprobados hoxe no Consello da Xunta.

O Fondo de Acción Social da Xunta para o exercicio 2014 conta cunha dotación orzamentaria de 2.136.392 euros, a mesma cantidade que o exercicio anterior. A través deste fondo, o persoal ao servizo da Administración autonómica pode percibir unha axuda máxima de 2.160 euros anuais para a atención de persoas discapacitadas.

Poderá solicitar estas axudas o persoal da Administración galega que prestase servizos na Xunta en 2014 e que no prazo de presentación de solicitudes se atope en servizo activo. O solicitante deberá ter baixo a súa dependencia directa e legal unha persoa con discapacidade física, psíquica ou sensorial, sempre que sexa cónxuxe, parella de feito, fillo ou ascendente de primeiro grao por consanguinidade ou afinidade, ou tutelado por sentenza xudicial firme.

As persoas solicitantes teñen dúas posibilidades de acceder a este fondo. Unha é acollerse á modalidade de baremo, para o que a contía que se vai percibir varía en función do grao de discapacidade do causante e da renda per cápita da unidade familiar; o máximo que se vai percibir é 2.160 euros anuais. A segunda opción é acollerse á modalidade sen baremo, na cal os interesados perciben os importes mínimos de cada grao de discapacidade, a saber, para o grao de discapacidade ata o 64% percibirán 1.020 euros; para o grao ata o 74% percibirán 1.200 e para o 75% ou máis de discapacidade percibirán 1.500.

**Medidas para a discapacidade**

O Fondo de Acción Social enmárcase nun conxunto de actuacións da Administración autonómica dirixidas a mellorar as condicións de vida das persoas con discapacidade. Así, por primeira vez na historia da Autonomía a Xunta aprobou neste 2015 na oferta de emprego público unha reserva de prazas específica para a discapacidade intelectual.

Ademais, a Administración galega mantén unha reserva de prazas global do 7% para o conxunto de persoas con discapacidade. E nestes momentos atópase en tramitación parlamentaria a nova Lei do emprego público, que blinda esta reserva de prazas.



**O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO POLO QUE A SAREB PORÁ Á DISPOSICIÓN DO IGVS DE XEITO INMEDIATO 50 VIVENDAS PARA DESTINALAS A INSERCIÓN SOCIAL**

- ***Esta medida supón a posta en marcha do Plan rehaVita 2015-2020 aprobado o pasado mes no Consello da Xunta para facilitar o acceso á vivenda e evitar situacións a exclusión residencial***



- ***O acordo coa Sareb comeza con cincuenta inmobles, aos que se sumarán de forma progresiva novas vivendas***
- ***Os adxudicatarios so pagarán o alugueiro e serán por conta da Sareb e do IGVS os gastos de comunidade, reparacións, administración, impostos, etc.***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio coa *Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria* (Sareb, S.A.) polo que esta entidade porá, de xeito inmediato as 50 primeiras vivendas á disposición do Instituto Galego da Vivenda e Solo para destinalas á inserción social. Esta previsto que a esta cifra inicial se vaian incorporando novos inmobles de forma progresiva.

A autorización deste acordo supón a posta en marcha efectiva do Plan rehaVlta, aprobado o pasado mes no Consello da Xunta co obxectivo prioritario de facilitar o acceso á vivenda e evitar situacións de risco de exclusión social.

As vivendas cedidas pola Sareb serán destinadas polo IGVS a solucionar casos de emerxencia como son os realoxamentos de afectados por execucións hipotecarias, a inserción social e outros casos similares, adxudicándoas en condicións semellantes ás vivendas de promoción pública propiedade do IGVS.

Os adxudicatarios das vivendas pagarán unicamente o importe do alugueiro das mesmas e os consumos que orixinen (enerxía, auga, etc.), pero non lles corresponderá aboar os gastos de comunidades e taxas ou impostos da vivenda, que serán por conta de Sareb, así como os gastos extraordinarios de mantemento da habitabilidade e reparacións das vivendas.

Pola súa parte, o IGVS farase cargo dos gastos correspondentes á obtención do certificado de eficiencia enerxética se a vivenda non dispón del, gastos de mantemento e reparacións ordinarias e de xestión e administración dos alugueiros.

O convenio entre o IGVS e a Sareb terá unha duración de catro anos prorrogables por períodos dun ano. Unha vez que finalice o convenio, o IGVS devolverá á Sareb as vivendas baleiras ou con contratos en vigor.

Unha vez asinado o convenio que hoxe autorizou o Consello da Xunta, os técnicos do IGVS comprobarán o estado das vivendas cedidas pola Sareb para determinar as actuacións necesarias previas á súa adxudicación.

### **Plan rehaVlta**

Este acordo coa Sareb supón materializar unha das primeiras medidas recollidas no Plan de vivenda de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta e presentado no Parlamento de Galicia pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Ethel Vázquez,





como unha planificación estratéxica que guiará as políticas públicas en materia de vivenda nos próximos cinco anos.

O Plan rehaVlta é o primeiro plan de vivenda que elabora integramente a Xunta de Galicia e ten como obxectivo principal de facilitar o acceso á vivenda ás persoas que máis o necesitan e previr a exclusión residencial. As medidas recollidas no plan suporán un investimento de preto de 307 millóns de euros e cunha previsión de beneficiar máis de 152.000 galegos.

## **XUNTA E FUNDACIÓN GALICIA SUSTENTABLE RENOVAN O PROGRAMA 'SOMOS PAISAXE' PARA AVANZAR NO OBXECTIVO DE COÑECER, COMPRENDER E ACTUAR NO TERRITORIO GALEGO**

- ***O Consello da Xunta aproba o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e esta entidade polo cal o Goberno galego achega un importe de 100.000 euros***



- ***Este programa forma parte do obxectivo de avanzar na formación técnica e profesional e na concienciación social, para mellorar o coñecemento e posta en valor da paisaxe galega***
- ***A Xunta leva apostando polo territorio desde a anterior lexislatura coa posta en marcha da Estratexia galega da paisaxe, o Atlas das paisaxes, a Lei do solo, Guías de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais ou na acuicultura ou as Directrices de ordenación do territorio***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un novo convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Fundación Galicia Sustentable para desenvolver o programa Somos Paisaxe, co cal se pretende avanzar no obxectivo de coñecer, comprender e actuar no territorio galego.

Os obxectos desta colaboración son o deseño e a implementación dun programa de difusión, divulgación e participación social sobre a paisaxe nos próximos dous anos. A Xunta de Galicia achega un importe económico de 100.000 euros, cifra que supón o 100 % do orzamento para o desenvolvemento deste proxecto, ata o ano 2016.

Dende a Consellería de Medio Ambiente recórdase que a Xunta segue a apostar pola paisaxe e integrará a perspectiva paisaxística en todas as súas políticas territoriais e sectoriais. Nese sentido, este convenio permitirá mellorar os contidos do material didáctico sobre a paisaxe para os centros educativos, con novos contidos audiovisuais e infográficos, crear unha plataforma web con contidos de interese a nivel divulgativo sobre a paisaxe; implicar á sociedade no respecto e na posta en valor da paisaxe e do territorio.

Coa web, búscase facer participativa á comunidade en liña. Para iso, ampliáranse as funcionalidades de interacción e consulta cos e coas usuarios de [www.somospaisaxe.com](http://www.somospaisaxe.com) como canle de comunicación, debate e proposición sobre a paisaxe de Galicia, e promoverase a intervención de especialistas en materia de paisaxe.

Entre as actividades que a Fundación Galicia Sustentable levará a cabo son a adaptación do contidos do Atlas das paisaxes e dos catálogos e directrices de Ordenación para un carácter máis divulgativo; a creación dunha unidade didáctica Somos Paisaxe, de apoio ás actuacións da consellería dentro do Plan Proxecta, con reunións con docentes, estrutura e contidos, deseño e produción de audiovisuais infográficos para explicar conceptos de apoio; e tamén obradoiros na paisaxe e saídas de campo, tanto con escolares como para o público en xeral.

Este convenio dá cumprimento a un dos tres obxectivos que se inclúen na Estratexia da paisaxe, como é o de avanzar na formación técnica e profesional en particular e na concienciación social en xeral. Tamén se inclúen como retos da estratexia identificar e



caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe de Galicia cara á súa protección e xestión, e potenciar a integración e consideración da paisaxe na acción do Goberno.

Tal e como vén facendo desde a anterior lexislatura, o Goberno galego continúa apostando polo territorio, desenvolvendo os instrumentos necesarios para a súa protección e correcta xestión a nivel técnico: Atlas das paisaxes, Directrices da paisaxe, Lei do solo e Guías de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais ou na acuicultura.



## **CULTURA E EDUCACIÓN INVESTIRÁ UN TOTAL DE 18,4 MILLÓNS DE EUROS EN NOVAS INFRAESTRUTURAS EDUCATIVAS AO LONGO DE 2015**

- ***A maior parte deste orzamento, uns 11,2 millóns de euros, destinaranse á dixitalización das aulas de 5º e 6 de primaria e da ESO do cen por cen dos centros públicos de Galicia***
- ***A Consellería investirá un total de 6,1 millóns de euros nas obras de ampliación e mellora de centros e dos seus equipamentos, atendendo ás necesidades demográficas***
- ***Máis de 3.500 alumnos e 46 centros de formación profesional beneficiaranse da adquisición de equipamentos de alto valor tecnolóxico por importe dun millón de euros***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria investirá un total de 18,4 millóns de euros ao longo deste ano 2015 na mellora das infraestruturas educativas e na dixitalización da totalidade das aulas de ensino público de Galicia a partires de 5º de Primaria. Así se desprende dun informe sobre equipamento e infraestruturas que o departamento que dirixe Román Rodríguez elevou hoxe ao Consello da Xunta.

O documento reflicte unha clara aposta da Consellería de Cultura e Educación pola innovación e modernización tecnolóxica do ensino público en Galicia. De feito, a maior parte do total do investimento previsto –un total de 11,2 millóns de euros- destinarase á dixitalización do cen por cen das aulas de 5º e 6º de primaria e de ESO dos centros públicos da nosa Comunidade, que se fará en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), e que proporcionará a todas elas (un total de 2.727 aulas) conexión á internet mediante wifi. Con este equipamento tecnolóxico contribuirase decisivamente á fin da fenda dixital entre as zonas rurais e urbanas.

### **Formación profesional**

A Consellería habilita unha partida de 1.020.000 euros a equipamento para a formación profesional, da cal se beneficiarán 46 centros e un total de 3.541 alumnos de 118 ciclos formativos. Trátase de dotar estes centros de equipamentos de alto valor tecnolóxico (autómatas, robots, adestradores, simuladores) para o seu uso nas aulas de FP. En total subministrárase un total de 287 unidades repartidas en 24 tipos de equipamentos distintos relacionados coa electricidade e a electrónica, a fabricación mecánica, a instalación e mantemento e o transporte e mantemento de vehículos, entre outros. Unha dotación que resultará fundamental para que os alumnos manexen as últimas tecnoloxías nos seus obradoiros de aprendizaxe, co que acadarán unha maior cualificación para o mercado de traballo.



### **Infraestruturas**

No que atinxe ás infraestruturas físicas, a Consellería investirá un total de 6,1 millóns de euros en obras de ampliación de once centros públicos, e na adquisición do equipamento necesario para estes centros e novos aularios (5,4 nas obras e máis de medio millón de euros en equipamento). Trátase das ampliacións do CIFP Coroso (Ribeira), do CEIP de Roxos (Santiago), do CEIP Manuel Murguía (A Coruña), do IES Perdouro (Burela), do CEIP Laverde Ruiz (Outeiro de Rei), do IES O Ribeiro (Ribadavia), do IES Losada Diéguez (A Estrada), do CIFP A Xunqueira (Pontevedra), do IES Armando Cotarelo (Vilagarcía de Arousa), e do CIFP Carlos Oroza (Pontevedra).

Estas actuacións, que dan resposta ás actuais necesidades de demografía, benefician 3.325 alumnos e a través delas créanse un total de 1.035 novos postos escolares.

Doutra banda, cómpre lembrar que a Consellería ten actualmente en execución obras por importe de algo máis de 13 millóns de euros, como son a construción do novo CEIP de Oleiros, os novos IES de Carral e Culleredo, a ampliación do CEIP Monte dos Postes (en Santiago) e da primeira fase do CIFP As Mercedes (Lugo). Así mesmo, atópanse en licitación outros preto de 10 millóns de euros para o novo aulario de infantil do CEIP Otero Pedraio (A Laracha), das fases II e III do CIFP As Mercedes (Lugo), da renovación da cuberta do IES Laboral de Ourense, e do novo IES de Soutomaior (Pontevedra).

